Proxecto EPÍSTOLA
Consello da Cultura Galega

# Colección: Otero Pedrayo con Antonio Fraguas

## Ficha documental da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Antonio Fraguas do 09/09/1945

**Colección:**

**Data:** 09/09/1945

**De:**

Ramón Otero Pedrayo;

**Para:**

Antonio Fraguas;

**Ficha descriptiva:**

Carta manuscrita

**Localización física:**Fundacion Fraguas. Museo do Pobo Galego



Trasalba (Ourense) 9 Sep. 1945.

Sr. D. Antonio Fráguas - Sant-Yago

Meu querido amigo: Infindamente agradecido pol-o seu recordo co gallo do dia do meu Santo, ao que non respondín, como debera, dinantes porque tiven unha má semán de enrabechada dôr de moas co seu acompañamento de febre, mal xeito esta. Alégrome moito de que pase ben a tempadiña do vrán.

Eu ren de interés lle podo dicir. Por eiquí estou con libros e proieutos, as máis veces perdendo o tempo.

Supoño que xa terá recibido o libro. Ten que disculpar moitas fallas. Xa sabe que eu son precipitado no traballo. Non'o mandei dinantes pol'a tardanza do editor en me dar os exemprares.

Xa me informará do prometido. Veremos si dinantes do San Martiño podo voltar por esas rúas.

Con saudos de Fita pra o matrimonio e meus respeitos á sua dona, mándalle unha rexa aperta seu amigo de sempre,

R. Otero Pedrayo

VER O DOCUMENTO ORIXINAL

---

Este epistolario procede dos
**Fondos da Fundación Otero Pedrayo**

FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO

**Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*
*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*
*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

***Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":***
*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio subscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*
*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

**Consultas e colaboracións:**
Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.